

CURSO

Como facer un Informe Social



COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA
Rúa Dublín, 6
15707 Santiago de Compostela | A Coruña
Tel. 981 568 100 | Fax 981 941 898
www.traballosocial.ga | info@traballosocial.ga



Índice

0.	INFORMACIÓN DO CURSO	1
1.	FUNDAMENTACIÓN	1
2.	OBXECTIVOS	2
3.	CONTIDOS	2
4.	PERSOAS DESTINATARIAS	3
5.	METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS	3
6.	CALENDARIO/PLANIFICACIÓN	3
7.	AVALIACIÓN	3
8.	EQUIPO DOCENTE	4

0. INFORMACIÓN DO CURSO

 Duración	100 horas
 Lugar	Plataforma de teleformación.
 Datas	Do 10 de maio ao 19 de setembro de 2021
 Horario	NA
 Prezos	Persoas colexiadas en activo: 160€ Persoas colexiadas en desemprego : 145€ Persoas non colexiadas: 180€

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en t érminos xerais antes de cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

1. FUNDAMENTACIÓN

Nas carreiras universitarias rara vez se forma aos futuros profesionais na elaboración de informes, e cando chegan ao mundo laboral atópanse con serias dificultades (en ocasións inconscientes) para o deseño e redacción dos mesmos. A calidade dun informe, como ferramenta ou instrumento de comunicación, é fundamental para o logro de obxectivos en moitas das situacións coas que se intervén, especialmente en administracións públicas e entidades do Terceiro Sector. Pero tamén na práctica privada, como é o caso dos informes periciais.

Ademais, son patentes as deficiencias presentes nunha proporción importante dos informes sociais que se emiten tanto en contextos públicos como privados, sendo algunhas:

- Omisión de partes importantes do informe, como o motivo do mesmo ou o método utilizado para obter e avaliar a información.

- Verter opinións ou xuízos profesionais na parte descritiva do informe, ou viceversa.
- Levar a cabo ditames ou xuízos sen base empírica suficiente.
- Facer propostas de actuación sobre problemas que non foron expostos na avaliación.
- Dar máis información da necesaria.
- Etc

Esta formación desenvólvese para capacitar a profesionais do Traballo Social para a elaboración de informes técnicos que gocen de calidade, é dicir, claros, rigorosos, precisos e pertinentes. Todo iso en base aos criterios do método científico.

2. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais:

- Ofrecer ao colectivo profesional unha oportunidade de desenvolver e mellorar as competencias en materia de informe social.
- Mellorar a calidade dos informes sociais do Traballo Social español en base a estándares científicos.

Obxectivos específicos:

- Desenvolver e mellorar as competencias profesionais para realizar informes sociais de casos.
- Coñecer os tipos de informes, a estrutura, contido e formato.
- Desenvolver informes sociais seguindo os estándares de calidade que establece o método científico.

2

3. CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN
2. DEFINICIÓN DO INFORME SOCIAL.
3. ESTÁNDARES DE CALIDADE DO INFORME SOCIAL
4. TIPOLOXÍAS DO INFORME SOCIAL
5. PROCEDEMENTO PARA ELABORACIÓN DO INFORME I
6. PROCEDEMENTO PARA ELABORACIÓN DO INFORME II
7. ESTRUCTURA E CONTIDO I: ASPECTOS XERAIS
8. ESTRUCTURA E CONTIDO II: SÍNTESE DESCRIPTIVA
9. ESTRUCTURA E CONTIDO III: AVALIACIÓN E DIAGNÓSTICO
10. ESTRUCTURA E CONTIDO IV: PROPOSTA DE ACTUACIÓN E PROGNÓSTICO
11. FORMATO DO INFORME SOCIAL
12. CLAVES GRAMATICALES PARA UN INFORME BRILLANTE

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Persoas precolexiadas e colexiadas, diplomados/as e/ou graduados/as en Traballo Social que desexen ampliar os seus coñecementos nesta materia.

5. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

O curso desenvólvese seguindo a modalidade de e-learning asíncrona, a través dunha plataforma de docencia virtual. A metodoloxía resulta unha combinación equilibrada de teoría e práctica, buscando lograr o desenvolvemento de habilidades máis que memorizar contidos. O curso desenvólvese co estudo de 10 temas a través de vídeo-clases e material escrito especificamente para esta formación.

Ao comezo do curso desenvolverase un Webinar de benvida , exposición breve de cada módulo de estudo, a metodoloxía da formación e as actividades de avaliación . Ao finalizar a formación haberá un Webinar de clausura que servirá para concluír a formación e proporcionar ao alumnado un espazo para resolver dúbidas e afianzar o coñecemento.

O alumnado contará coas seguintes ferramentas de aprendizaxe :

- Material de estudo en formato texto, deseñado inéditamente para esta formación..
- Videoclases por cada un dos temas
- Lecturas complementarias de textos craves na materia.
- Probas de Autoevaluación.
- Foros de debate e interacción.
- 2 webinars.

3

6. CALENDARIO

O curso desenvolverase do 10 de maio ao 19 de setembro de 2021.

7. AVALIACIÓN

O sistema de avaliación é continuo e é suficientemente flexible para permitir ao alumnado a entrega de actividades segundo o seu propio ritmo, dentro duns límites temporais. O alumnado terá a posibilidade de entregar as actividades e probas que non estean superadas no período de recuperación.

Actividades de avaliación:

- 3 Actividades Prácticas, tipo desenvolvemento, onde se traballará sobre supostos prácticos proporcionados polo docente e tamén sobre casos reais proporcionados polo alumnado.
- 1 Proba obxectiva, de 10 preguntas, que versa sobre un informe social real. As preguntas poderán ser tipo test, de opción múltiple, de emparellamento ou de verdadeiro/falso.
- 1 Foro de Debate, que o profesor lanzará ao grupo con cuestións para reflexionar.

Criterios de avaliación:

- Entregar e aprobar todas as probas de autoevaluación cunha cualificación igual ou superior ao 60%.
- Entregar e aprobar todas as actividades prácticas cunha cualificación igual ou superior ao 60%.
- Participación nos foros de reflexión e debate.

8. EQUIPO DOCENTE



Dr. Jonathan Regalado

Traballador Social Clínico, Doutor en Psicoloxía , Magister en Intervención Social e Experto en Intervención Psicoterapéutica. Ten 14 anos de experiencia en intervención clínica e social, interveu con máis de 1.600 casos e impartiu máis de 4.000 horas de formación especializada.

[Ver CV](#)

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA



981 568 100



Rúa Dublin, 6
15707 Santiago de Compostela | A Coruña



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia